



Guía Docente				
Datos Identificativos			2023/24	
Asignatura (*)	Contabilidade de Custos		Código	650G01023
Titulación	Grao en Ciencias Empresariais			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Empresa			
Coordinación	Garcia Arthus, Emilia Luisa	Correo electrónico	emilia.garcia.arthus@udc.es	
Profesorado	Centeno Carballido, Amparo	Correo electrónico	amparo.centeno@udc.es	
	Garcia Arthus, Emilia Luisa		emilia.garcia.arthus@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Custos e rendementos son elementos de información relevantes na toma de decisións na empresa e nas entidades sen ánimo de lucro; e coñecer a súa natureza, cálculo e influencia na decisión, son competencias básicas para calquer profesional que desexe manexarse axeitadamente.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	CE1 - Aprender a aprender, por exemplo, cómo, cando, onde novos desenvolvementos persoais son necesarios.
A2	CE2 - Auditar unha organización e deseñar planes de consulta (por exemplo lexislación impositiva, inversións, estudo de casos, proxecto de traballo).
A3	CE3 - Comprender detalles do funcionamento empresarial, tamaño de empresas, rexións xeográficas, sectores empresariais, vinculación con coñecemento e teorías básicas.
A7	CE7 - Comprender os principios da lei e vincularlos co coñecemento de negocios e xestión.
A9	CE9 - Comprender os principio éticos, identificar as implicacións para as organizacións empresariais, deseño de escenarios.
A10	CE10 - Comprender e utilizar sistemas contables e financeiros.
A12	CE12 - Definir obxectivos, estratexias e políticas comerciais.
A13	CE13 - Xestión dunha compañía a partir da planificación e control, utilizando conceptos, métodos e ferramentas.
A14	CE14 - Xestionar as operacións da empresa.
A16	CE16 - Identificar aspectos relacionados e comprender o seu impacto na organización empresarial.
A18	CE18 - Identificar as características dunha organización.
A23	CE23 - Uso de instrumentos para a análise de entornos empresariais.
A24	CE24 - Derivar dos datos información relevante imposible de recoñecer por non profesionais.
B1	CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
B2	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B3	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B4	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.
B5	CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.



B6	CG1 - Que os estudantes formados sexan profesionais versátiles, capacitados tanto de iniciar o seu propio negocio como de desempeñar labores de deseño, planificación, organización, xestión, asesoramento e avaliación nas áreas e departamentos contables, financeiros e fiscais de organizacións empresariais, con especial referencia ás pequenas e medianas empresas.
B7	CG2 - Que os estudantes posúan unha elevada capacitación metodolóxica de xestión e tratamento da información que lles proporcione vantaxes competitivas, non só no seu labor profesional, senón nunha sociedade global en permanente transformación. Para iso, o Grao debe estar dotado dun axeitado nivel de interdisciplinabilidade, transversalidade e integración nas súas materias.
B8	CG3 - Que os estudantes presten especial atención aos cambios que, tanto en conceptos, coma en metodoloxía ou en aplicacións, implican no mundo empresarial as novas tecnoloxías da información e as comunicacións. Así mesmo deben poder obter e actualizar os coñecementos específicos que teñan como base a aparición de novas leis e regulamentos que afecten ao mundo fiscal, financeiro ou contable.
B9	CG4 - Que os estudantes integren a aprendizaxe na súa vida e no seu labor profesional, a través da metodoloxía de ensino que lles achega o Grao, o cal lles proporciona unha formación básica xeral que servirá como puntal para a formación continua ao longo da vida.
B10	CG5 - Que os estudantes teñan unha perspectiva integral e destreza no manexo dos conceptos, técnicas e ferramentas empregados en cada unha das diferentes áreas funcionais, con especial referencia ás contables, financeiras e fiscais da empresa; así como entender as relacións que existen entre elas e cos obxectivos xerais da organización. Todo iso tendo en conta os principios de sustentabilidade e responsabilidade social das mesmas.
B11	CG6 - Que os estudantes saiban identificar e anticipar oportunidades, asignar recursos, organizar a información, realizar asesoramento fiscal e contable, control orzamentario, xestión de tesouraría, auditorías de contas e temas concursais (suspensións de pagamentos e quebras), tomar decisións en condicións de incerteza e avaliar resultados.
B12	CG7 - Que os estudantes sexan capaces de liderar proxectos nas áreas de valoración da empresa, de dirección estratéxica e financeira; deben poder entender a información contable das empresas co fin de obter conclusións e realizar predicións tanto sobre rendementos coma sobre riscos futuros.
B13	CG8 - Que os estudantes identifiquen os requisitos legais da información financeira aos que a empresa debe enfrontarse.
B14	CG9 - Que os estudantes manifesten respecto aos dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, o respecto e a promoción dos Dereitos Humanos e os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.
C1	CT1 - Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	CT2 - Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	CT3 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	CT4 - Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	CT5 - Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	CT6 - Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	CT7 - Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	CT8 - Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
O alumno é quen de expresarse de xeito oral e máis escrito, en calquera dos idiomas oficiais da comunidade, ou nunha lingua estranxeira, empregando correctamente os conceptos básicos da materia: compra, custo, gasto, investimento, pago.	A10	B1	C1
	A24	B4	C2
		B5	C4
		B9	C5
		B10	C6
		B13	C7
		B14	



Identificar as características dos ámbitos internos e externos da empresa, económicos, sociais e ambientais, así como os modelos contables relacionados con estes, dun xeito innovador e sustentable.	A1 A2 A7 A9	B2 B3 B12	C3 C6
Identificar os diferentes factores de produción de acordo coa súa natureza, función e comportamento	A3 A24		
Comprender os diferentes modelos de imputación de custos e as posibilidades de afectación e imputación dos mesmos aos portadores de costes en función daqueles.	A18 A24		
Coñecer e seleccionar en cada caso a mellor opción para facer o reparto primario e secundario dos custos indirectos.	A3 A24		
Identificar, calcular e interpretar conceptos tales como Centro de custo, Unidades equivalentes, Unidades técnicas e económicas, Unidades de obra, Taxa de Aplicación e Imputación racional de custos.	A24		
Obter e analizar as marxes de contribución nun modelo de custo variable.	A3 A23 A24		
Cálculo do custo estándar e relacionalo coa planificación e o control da actividade da empresa.	A3 A13 A14 A16 A24	B8	
Utilizar os orzamentos como ferramenta de planificación	A10 A12 A18 A24	B6 B7 B11	C8

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Natureza, concepto e clasificación da Contabilidade de Custos.	1.1. Contabilidade de Custos e Contabilidade Financeira
Tema 2. Definición, análise e clasificación dos custos.	2.1. Diferencia compra, custo, gasto, pago e investimento 2.2. Clasificación dos custos 2.3. O custo de oportunidade
Tema 3. Custos dos factores da produción.	3.1. Materiais 3.2. Man de obra 3.3. Custos indirectos 3.3.1. Concepto e clasificación 3.3.2. A estatística de custos 3.3.3. As unidades de obra
Tema 4. Os sistemas de custos.	4.1. Sistema de acumulación de custos por órdenes de traballo e por proceso 4.2. Sistema de custo completo industrial e coste variable 4.3. Sistema de custo histórico, custo estándar e custo normal
Tema 5. Contabilidade por órdenes de traballo e por procesos.	5.1. Os custos directos e indirectos no sistema de acumulación de costes por órdenes de traballo 5.2. Sobreaplicación e subaplicación de custos indirectos nas órdenes de traballo 5.3. Cálculo do custo unitario no sistema de custo por procesos. Unidades físicas e unidades equivalentes 5.4. A produción en curso e a produción equivalente 5.5. Diferencias de inventario 5.6. Custos conxuntos e custos comúns



Tema 6. Modelo de custo completo	6.1. Custo histórico 6.2. Custo estimado 6.3. Custo estándar 6.4. Cálculo e análise das desviacións 6.5. Custo racional
Tema 7. Modelo de custo variable	7.1. Punto morto 7.2. Cálculo de ratios e marxes 7.3. Análise de sensibilidade
Tema 8. Modelo de custos baseados na actividade	8.1. As actividades 8.2. Conductores de custos 8.3. A importancia do tempo
Tema 9. Orzamentos	9.1. Concepto y obxectivos 9.2. Orzamento xeral 9.3. Orzamentos operativos 9.4. Estados financeiros previsionais

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Solución de problemas	A1 A2 A3 A7 A10 A12 A13 A14 A16 A18 A23 B1 B2 B3 B6 B7 B8 B11 B12 B13 B14 C3 C4 C5	27	32	59
Sesión maxistral	A1 A9 B9 B10 C7 C8	8	16	24
Aprendizaxe colaborativa	C1 C6	2	6	8
Proba mixta	A10 A24 B4 B5 C1 C6	5	50	55
Atención personalizada		4	0	4
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Solución de problemas	Resolución de exercicios prácticos de aplicación dos conceptos teóricos básicos da materia
Sesión maxistral	Desenvolvemento dos conceptos teóricos e prácticos básicos da materia
Aprendizaxe colaborativa	Asistencia e calidade da participación na clase, asistencia a conferencias e charlas organizadas por a Facultade, e outras actividades complementarias que se consideren dinterese para a materia.
Proba mixta	Exame escrito no que a alumno terá que demostrar ter acadados os resultados de aprendizaxe; a proba incluírá teoría e práctica. Nas sesións de atención personalizada desenvolveranse titorías en pequeno grupo coa fin de aclarar as dúbidas que o alumnado poida ter cara á proba mixta.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta	Titorías guiadas de 4 horas en grupos de 15 alumnos antes do remate do cuadrimestre. Os horarios e o lugar no que se desenvolverán comunicaranse no seu momento.

Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A10 A24 B4 B5 C1 C6	Exame escrito que incluírá cuestións teóricas e cuestións prácticas.	70
Solución de problemas	A1 A2 A3 A7 A10 A12 A13 A14 A16 A18 A23 B1 B2 B3 B6 B7 B8 B11 B12 B13 B14 C3 C4 C5	Presentación e entrega de pequenos problemas que terá que resolver por sí mesmo/a, e pequenas probas obxectivas nas que haberá de demostrar a asimilación dos termos básicos da materia e de diferentes procesos de cálculo das magnitudes esenciais do proceso de cálculo da Contabilidade de Custos.	25
Aprendizaxe colaborativa	C1 C6	Asistencia a clase, participación nas clases, asistencia a conferencias, participación no Green Campus, etc. Valorarase a calidade das súas opinións e aportacións.	5

Observacións avaliación

Criterios de avaliación na primeira oportunidade:

A superación da materia precisará que o estudantado sexa valorado tanto na súa participación na "solución de problemas", na "proba mixta" en na "aprendizaxe colaborativa".

Criterios de avaliación na segunda oportunidade:

A superación da materia precisará que o estudantado sexa valorado nunha "proba mixta" final cun peso do 100% da avaliación que incluírá cuestións teóricas e prácticas nas que o/a estudante terá que demostrar ter alcanzado as competencias e resultados da aprendizaxe da materia.

Outras consideracións:

- Cualificación de non presentado en calquera das oportunidades. Corresponde ao alumnado, cando so participe en actividades de avaliación cunha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación obtida.

- Convocatoria

adiantada: proba mixta cun peso do 100% sobre a cualificación:

consistirá nunha proba mixta na que se incluírán cuestións

teóricas e prácticas na que o/a alumno/a terá que demostrar ter alcanzado as competencias e resultados de aprendizaxe da materia.

- Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial ou dispensa académica de exención de asistencia. Poderá escoller ao inicio do cuadrimestre entre a avaliación xeral da materia exposta anteriormente, ou unha proba mixta cun peso do 100% sobre a cualificación: consistirá nunha proba mixta na que se incluírán cuestións teóricas e prácticas e na que o/a alumno/a terá que demostrar ter alcanzado as competencias e os resultados de aprendizaxe da materia.

- Consonte a memoria de verificación dos graos da Facultade de Economía e Empresa, a asistencia a clase é obrigatoria, e terase en conta na avaliación final.

A cualificación mínima para obter un aprobado é de 5 (50%).

CONDICIÓN DE AVALIACIÓN:

está prohibido o acceso ás aulas de exame con

calquera tipo de dispositivo que permita a comunicación co exterior

e/ou o almacenamento de información, excepto naqueles casos nos que o profesorado responsable da materia así o estableza.

O/a estudante haberá de identificarse antes do inicio da proba utilizando calquera dos medios aceptados pola Universidade da Coruña



Fontes de información

Bibliografía básica	- Martín Garrido, Javier (2019). Contabilidad de Costes. Sanz y Torres - Paredes Ortega, José Luis; Fullana Belda, Carmen (2019). Casos prácticos de gestión de costes. Pirámide - Martín Peña, Francisco; Ros riera, Juan (2015). Contabilidad de Costes. Ediciones CEF - Muñoz, Clara; Zornoza, Javier; Veuthey, Eloy (2008). Introducción a la contabilidad de costes para la gestión. Curso práctico. TME Tratados y manuales de empresa - Ripoll Feliu, Vicente M., coord. Alcoy Sapena, Pablo, coord. Crespo Soler, Cristina, coord (2011). Contabilidad analítica -- Problemas y ejercicios. arcelona: Profit - Catalina Vacas Guerrero ... [et al.] (2009). Fundamentos de contabilidad de costes y de gestión : una visión práctica. Collado Villalba : Delta - (). . A bibliografía poderá ser actualizada en calquera momento por mor da inclusión de novos textos que o profesor considere axeitados para o alumnado.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

1. A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:a. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informáticob. Realizarase a través de Moodle ou Teams, en formato dixital sen necesidade de imprimilosc. Pode controlarse a autenticidade da autoría dos traballos utilizando ferramentas coma Turnitin ou similares2. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sostibilidade e nos comportamentos persoais e profesionais.3. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.4. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías